



INFORME ANUAL DE RESULTADOS

Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais

Curso Académico: 2022-23

1. DATOS DA UNIVERSIDADE E DO TÍTULO OBXECTO DO INFORME

<u>1. DATOS DO PROGRAMA</u>	
Denominación do programa	Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais
Universidade responsable administrativa	Universidade de Santiago de Compostela
En caso de programas interuniversitarios, universidade/s participante/s	-----
Escola responsable	Facultade de Ciencias
Centro/s Participantes	Facultade de Ciencias
Nome do/a coordinador/a do programa	María José Vázquez Vila
Correo electrónico do/a coordinador/a do programa	mariaj.vazquez.vila@usc.es
Códigos ISCED	
Curso de implantación	23 de setembro de 2010
Data acreditación ex ante (verificación)	30 de xuño de 2010
Data renovación acreditación	8 de xullo de 2015

2. LISTAXE DE EVIDENCIAS E INDICADORES

Craterios	Nº	Evidencia / Indicador	Documento/enlace
1,7	11	Número de estudantes de novo ingreso por curso académico	2502236 P.Ind 2022-23
			2502236 INF.16 2022-2023
			2502236 (L) INF.CIUG 2022-2023
1	12	No caso de máster, número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia	Codg:TítuloINF.02_2022-2023 (n/d)
1	13	Indicadores de mobilidade (Número e porcentaxe de estudantes que participan en programas de mobilidade sobre o total de estudantes matriculados)	2502236 P.Ind 2022-23
			5011_INF.03_2022-2023 (n/d) 2502236 INF03 2022 2023
Todos	14	Resultados das enquisas de satisfacción de todos os grupos de interese do título	2502236 P.Ind 2022-23
			2502236 INF.04 2022-2023
			5011 INF.05 2022-2023
			2502236 INF.06 2022-2023
			2502236 INF.07 2022-2023
			2502236 INF.08 2022-2023
			2502236_INF.09_2022-2023 (n/d)
			5011 INF.10 2022-2023
			5011 INF.11 2022-2023
			2502236 INF.13 2022-2023
			2502236 INF.14 2022-2023
			5011 INF.21 2022-2023
2502236 INF.22 2022-2023			
2502236 INF.23 2022-2023			
3	15	Resultados dos indicadores que integran o SGC	22502236 P.Ind 2022-23
4	E15	Plan de Ordenación Docente: información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc.)	2502236 E15 2022-2023
4	E16	Información sobre o persoal de apoio por Centro (número e cargo/posto desempeñado)	5011 E16 2022-2023

4	I6	Porcentaxe de participación do profesorado do título en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas	5011_I6-I7_2022-2023
4	I7	Porcentaxe de participación do PAS do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas	5011_I6-I7_2022-2023
4	I8	Resultados das enquisas de avaliación da docencia (%participación, resultados, evolución,...)	2502236_INF.13_2022-2023
			2502236_INF.14_2022-2023
4	I10	Indicadores de mobilidade (número e porcentaxe de profesores que participan en programas de mobilidade sobre o total de profesorado do título)	5011_I10_2022-2023
6	E25	Informes/listaxe das cualificacións de cada unha das materias do título	2502236_INF.15_2022-2023
6,7	I12	Indicadores de resultados (estas taxas facilitaranse de forma global para o título. As taxas de rendemento, éxito e avaliación facilitaranse tamén por materia): - Taxa de graduación - Taxa de abandono - Taxa de eficiencia - Taxa de rendemento - Taxa de éxito - Taxa de avaliación	2502236_P.Ind_2022-23
			2502236_INF.17_2022-2023
			2502236_INF.18_2022-2023
			2502236_INF.19_2022-2023
			2502236_INF.SIIU_2022-2023
7	I13	Relación da oferta/demanda das prazas de novo ingreso	2502236_P.Ind_2022-23
			2502236_(L)_INF.CIUG_2022-2023
7	I14	Resultados de inserción laboral	2502236_EIL-SIIU_2022-2023 2502236_EIL-ACSUG_2022-2023
1,4,5	I15	Media de alumnos por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...)	2502236_P.Ind_2022-23 2502236_MedUSC_2022-2023

3. ANALISE (Cumprimento do proxecto establecido)

Dimensión 1. A xestión do título

Analizarase a organización e desenvolvemento do plan de estudos incluíndo o perfil de ingreso e egreso do título, os criterios de admisión, os mecanismos de coordinación docente e a aplicación das distintas normativas. Analizarase tamén a transparencia e visibilidade do título a través da información que facilita sobre o mesmo aos distintos grupos de interese, así como a eficacia do Sistema de Garantía de Calidade como instrumento para recoller información, e realizar o oportuno seguimento das accións de mellora .

■ Criterio 1. Organización e desenvolvemento

Antecedentes

O Decreto 222/2011 sinala que as ensinanzas universitarias oficiais de grao deberán contar cun número anual de estudantes de novo ingreso igual ou superior a 45 alumnos nos campus periféricos como é o caso do Campus Terra. O GEPQI presentou un Plan de Viabilidade por non cumprir cos requisitos antes mencionados. Neste Plan, que foi aprobado pola Secretaría Xeral de Universidades da Xunta de Galicia o 30 de outubro de 2015, contéplase compartir 90 ECTS nos dous primeiros cursos cos títulos de Grao en Enxeñaría Civil e Grao en Enxeñaría en Xeomática e Topografía, tamén do Campus de Lugo.

No caso do Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais (GEPQI), de acordo cos procesos e procedementos do SGC, aproveitouse esta circunstancia para incorporar a memoria do título tódalas modificacións non substanciais realizadas ata o momento, así como tódalas recomendacións e suxestións que ao respecto foran efectuadas pola subcomisión de avaliación no proceso de Renovación da Acreditación.

Seguimento do Plan de Viabilidade: O 30 de xaneiro de 2017 a Xunta de Facultade aprobou o autoinforme de Seguimento do Plan de Viabilidade elaborado pola Comisión de Título correspondente ao curso 2015-16. A Comisión de Avaliación de Plans de Viabilidade, como resultado da avaliación do autoinforme e do cumprimento dos obxectivos do Plan de Viabilidade, emitiu un Informe de Seguimento en termos favorables con data 28 de xullo de 2017. No comezo do curso 2017-2018, o novo plan de estudos do GEPQI atopouse en fase de implantación e tódolos detalles relativos ao Plan de Viabilidade e o seu seguimento poden consultarse no seguinte enlace:

[https://pro-assets-usc.azureedge.net/cdn/ff/HKI0ECKV7C7LPUh9xpfSE3KDK0bqWNnZMQLetCC3IVI/1621930672/public/documents/2021-05/GEPQI MEMORIA PLAN DE VIABILIDADE.pdf](https://pro-assets-usc.azureedge.net/cdn/ff/HKI0ECKV7C7LPUh9xpfSE3KDK0bqWNnZMQLetCC3IVI/1621930672/public/documents/2021-05/GEPQI_MEMORIA_PLAN_DE_VIABILIDADE.pdf)

De acordo co Plan de Viabilidade, no curso 2017-18, estaba prevista a oferta do dobre grao en Enxeñaría Civil e Enxeñaría en Procesos Químicos Industriais. A Secretaría Xeral de Universidades (SXU) non permitiu levar a cabo a implantación do dobre título polo que o desenvolvemento do Plan de Viabilidade quedou truncado.

Na publicación do “Mapa de titulacións do Sistema Universitario de Galicia”, en outubro de 2017 o Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais non estaba afectado nin por duplicidade nin por baixa demanda, como mostran os resultados reflectidos nos Informes de cumprimento do Plan de Viabilidade. Sen embargo, esta publicación tivo repercusión para o Centro e fixo necesario reflexionar máis profundamente sobre a misión da Facultade.

Grao Aberto: O 20 de novembro de 2019, a Secretaría Xeral de Universidades anunciou a posibilidade de ofertar graos abertos no SUG e as características e condicións que debían cumprir para poder ser ofertados no curso 2020-2021.

A Facultade de Ciencias, xunto coa Escola Politécnica Superior de Enxeñaría, ambas do Campus de Lugo, decidiron entón ofertar o Grao Aberto 5USC Enxeñarías, no que participan os graos en Enxeñaría Civil, Enxeñaría Forestal e do Medio Natural, Enxeñaría Agrícola e Agroforestal, Robótica e Enxeñaría en Procesos Químicos Industriais. A USC aprobou a memoria deste grao aberto o 22 de abril de 2020, e a Xunta de Galicia aprobou a súa implantación no curso 2020/2021. Compre dicir que o grao aberto completou todas as prazas ofertadas no ano da súa implantación.


No curso 2021-2022, na sesión ordinaria da Xunta de Facultade do 5 de abril de 2022, apróbase a modificación do Grao Aberto 5USC Enxeñarías para o curso 2022-2023 en dous aspectos importantes: elimínase a participación do Grao en Robótica e redúcese de 90 ECTS a 60 ECTS. A modificación da memoria do Grao Aberto 5USC Enxeñarías, foi aprobada no Consello de Goberno, na sesión ordinaria do día 28 de abril de 2022, pasando a denominarse Grao Aberto USC Enxeñarías. En consecuencia, a partires do curso 2022- 2023 o Grao Aberto 5USC Enxeñarías pasará a estar en Extinción.

Matricula

No GEPQI ofertáronse 45 prazas de nova matrícula para o curso 2022-23. Segundo os datos proporcionados pola CIUG (**2502236_(L)_INF CIUG_2022-2023**) parecen indicar que existe certo interese polo título, xa que a relación do número de solicitudes por cada praza ofertada na cota xeral mantense en 2,5 como no ano anterior, así para as 38 prazas ofertadas na cota xeral houbo 95 solicitudes e foron admitidos 28 estudantes. Das solicitudes presentadas, 15 elixiron este grao en 1ª opción, e 12 deles matriculáronse nesa quenda. Finalmente iniciaron os estudos no GEPQI 24 estudantes (**IN03G**).

Evolución do número de estudantes de novo ingreso

Na seguinte figura amósase a evolución do número de estudantes do grao tanto no número total coma dos novos estudantes en primeiro curso.



Evolución dos datos de matrícula nos derradeiros cinco anos (CIUG).

Tal e como se mostra na figura anterior, no curso 2022-23 o número de novos estudantes mantense preto da media (25,8). Aos 24 estudantes de novo ingreso hai que engadir 3 que pertencen ao grao aberto USC Enxeñaría pero que están matriculados en materias do GEPQI, e que posteriormente continúan o seus estudos neste título.


No curso 2022-2023 pódese resaltar que houbo 24 estudantes de novo ingreso matriculados para un número de prazas ofertadas na cota xeral de 38, esta relación representa que o 63% das prazas ofertadas na cota xeral foron cubertas. Hai que ter en conta que os 3 estudantes do Grao Aberto USC Enxeñaría non están contemplados neste número, polo que en realidade son 27 os estudantes que se incorporaron ao GEPQI. A taxa de ocupación (**IN12G**) descende con respecto ao curso anterior, máis a media de alumnado de novo ingreso nos últimos 5 cursos mantense en case 26 estudantes.

Perfil de ingreso

Dos 24 alumnos matriculados no grao, todos eles comezaban estudos na universidade (**IN03G**), o 90% procedían do Bacharelato e o resto da Formación Profesional. Estes datos tamén revelan que entre os novos estudantes matriculados no grao a porcentaxe de mulleres é case do 57% (**IN04G**) lixeiramente maior á proporción global de mulleres no título (53% mulleres, **IN02G**), e un valor moi superior ao 26,9% de media estatal que para os estudos de enxeñaría indican os datos do Sistema Integrado de Información Universitaria (SIIU).

Os datos da CIUG amosan tamén que a nota media de acceso dos estudantes procedentes de Bacharelato foi de 8,32, e os estudantes procedentes de Formación Profesional accederon cunha nota media de 8,27. A nota media é superior a 6 (**IN07G**) no 90% dos estudantes admitidos.

Por último, indicar que un 5% dos estudantes de novo ingreso matriculados no Grao de Procesos Químicos Industriais, no curso 2022-2023, son estudantes nacionais de fóra de Galicia. En canto a distribución dentro de Galicia, seguen sendo os estudantes procedentes da zona norte os que cobren as prazas en maior porcentaxe (85%), tal e como se amosa no gráfico.



Distribución dos estudantes segundo a provincia galega de procedencia.

Perfil de egreso

Para este curso os datos dispoñibles son os correspondentes aos egresados no ano 2014-2015, do Estudo de Inserción Laboral que a ACSUG (EIL1415) elaborou dende xaneiro de 2021 ata marzo do mesmo ano. Neste estudo indican que o 90% traballan actualmente; sendo a poboación de estudo unha mostra cun 60% mulleres e un 40% homes, cabe sinalar que traballan o 83% das mulleres e o 100% dos homes.

O 50% elixiran o título como primeira opción. O 70% buscou traballo dende que rematou, tardando unha media de 9,9 meses en atopalo. Distribuídos na xeografía galega, traballan maioritariamente na provincia de A Coruña (56%), seguido de Pontevedra (22%); en Lugo traballa un 11%, a mesma porcentaxe que noutras provincias españolas.

O 89% teñen un contrato indefinido, sendo indefinido no 80% das mulleres, mentres que nos homes o 100% é indefinido. Nestes traballos o 89% desenvolven funcións de nivel universitario.

O soldo está en valores medios de 1550 €/mes as mulleres e 1625 €/mes no caso dos homes.

Practicamente o 90% volverían facer estudos universitarios, a mesma titulación e na mesma universidade.

■ Criterio 2. Información e transparencia

A vontade do centro (xa expresada no seu plan de calidade) respecto da información pública e a transparencia da información do GEPQI, é continuar coa mesma política xa aplicada noutros títulos do centro, consistente en publicar e facer accesible toda a información dispoñible a través da web do centro, práctica xa habitual na Facultade de Ciencias

<https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-ciencias>

A información total referida ao título atópase de xeito público e accesible na páxina web do centro, en concreto nos enlaces para os graos:

- Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais (GEPQI):
<https://www.usc.gal/gl/estudios/graos/enxenaria-arquitectura/grao-enxenaria-procesos-quimicos-industriais>
- Grao Aberto 5USC Enxeñarías (5USC):
<https://www.usc.gal/gl/estudios/graos/enxenaria-arquitectura/programa-grao-aberto-5usc-enxenarias>

Entre a información dispoñible hai datos sobre o plan de estudos, os indicadores de calidade ou o equipo docente, tal e como se amosa na imaxe seguinte.

Estudos / Graos / Enxeñaría e Arquitectura

Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais

Tipo Presencial
Área Enxeñaría e Arquitectura
Centro(s) Facultade de Ciencias
 Avda. Alfonso X O Sabio, s/n, 27002 Lugo
 982824095 (Consenxaría)
 982824009 (Decanato)
 ciencias.decanato@usc.gal

Campus Lugo



Admisión e matrícula

Normativa

Bolsas e axudas

Esta titulación capacita para o exercicio da profesión de Enxeñeiro Técnico Industrial, e ten como obxectivo a formación de persoas capaces de dar resposta ás necesidades no ámbito da transformación de materias primas, produtos naturais e da actividade industrial, así como o desenvolvemento de proxectos

Presentación

Plan de estudos por curso

Plan de estudos por módulos

Oferta e admisión

Recursos materiais

Obxectivos e competencias

Mobilidade e prácticas

Saídas profesionais

Traballo de Fin de Grao

Curso ponte

Equipo docente

Indicadores de calidade

Duración: 4
Prezo/curso (aprox.): UE: 13,93€/crédito
 (1º curso: 835,80 €) | Non UE: 17,41€/crédito (1º curso: 1089,20 €)
Número prazas: 45
Nota de corte no curso precedente: 5,410

Memoria do título

Esta titulación capacita para o exercicio da profesión de Enxeñeiro Técnico Industrial.

A titulación segue como obxectivo xeral a formación de persoas capaces de darelha resposta ás necesidades reais da sociedade no ámbito da transformación de materias primas, produtos naturais e da actividade industrial no sentido máis amplo, na que se inclúen a industria química e petroquímica, farmacéutica, alimentaria, téxtil, ambiental e outras afíns.

Os contidos desta páxina actualizáronse o 03.07.2023.

Páxina web do GEPQI (Curso 2022-2023)

Estudos / Graos / Enxeñaría e Arquitectura

Programa de Grao Aberto USC Enxeñarías

Nova oferta

Tipo	Presencial
Área	Enxeñaría e Arquitectura
Centro(s)	Escola Politécnica Superior de Enxeñaría Rúa Benigno Ledo, 27002 Lugo 982823008 (Conserxaría) 982823011 (Dirección) eps.secretaria.direccion@usc.gal
	Facultade de Ciencias Avda. Alfonso X O Sabio, s/n, 27002 Lugo 982824095 (Conserxaría) 982824009 (Decanato) ciencias.decanato@usc.gal
Campus	Lugo



- [➤ Admisión e matrícula](#)
- [➤ Normativa](#)
- [➤ Bolsas e axudas](#)

O Grao Aberto “USC Enxeñarías” é unha opción novedosa en España que permite aos estudantes comezar a súa formación universitaria escollendo libremente materias de 4 graos diferentes do ámbito das enxeñarías durante o primeiro ano de carreira para despois decidirse por unha titulación concreta (Enxeñaría Agrícola e Agroalimentaria, Enxeñaría Civil, Enxeñaría dos Procesos Químicos Industriais, Enxeñaría Forestal e do Medio Natural).

Esta opción facilita coñecer aspectos básicos de distintas disciplinas durante o primeiro ano e, despois permite ao alumnado a posibilidade de seguir o itinerario do grao que mellor se adapta a súas expectativas laborais e formativas.

Presentación

Plan de estudos por curso

Plan de estudos por módulos

Oferta e admisión

Equipo docente

Duración: un curso; despois se accede ao grao de destino segundo o itinerario seguido por cada estudante.
Prezo/curso (aprox.): UE: 13,93€/crédito (1º curso: 836,80 €) | Non UE: 17,41€/crédito (1º curso: 1089,20 €)
Número prazas: 10
Nota de corte no curso precedente: 6,433

Universidade coordinadora:
 Universidade de Santiago de Compostela

Universidade(s) participante(s):
 Universidade de Santiago de Compostela

Responsable do título:
 ASTERIA M. LUZARDO ALVAREZ
asteriam.luzardo@usc.es

Linguas de uso:
 Castelán, Galego

[Memoria do título](#)

Páxina web do Grao Aberto USC Enxeñarías (Curso 2022-2023)

■ Criterio 3. Sistema de garantía de calidade e revisión do plan de melloras do curso anterior

O Sistema de Garantía de Calidade da Facultade de Ciencias "*alcanza a todas as titulacións oficiais impartidas nela e das que é responsable, tanto de grao como de mestrado universitario. Así mesmo, alcanza a todas as persoas vinculadas a el (alumnado, persoal docente e investigador e persoal de administración e servizos)*".

O SGC da Facultade de Ciencias foi certificado pola Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia o 13 de decembro de 2012, actualizándose periodicamente para adaptalo aos cambios producidos tanto a nivel do propio Centro como da USC. A Facultade de Ciencias renovou a acreditación de todos os seus títulos de grao e máster implantados o 8 de xullo de 2015. O 25 de xuño de 2018 obtivo a Certificación de Implantación do SGC. O 28 de xaneiro de 2019 o *Consejo de Universidades* declarou a acreditación institucional da Facultade de Ciencias, que deberá renovarse antes do transcurso de 5 anos.

A documentación da 7ª edición do manual do Sistema de Garantía de Calidade da USC pódese consultar no seguinte enlace:

<https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-ciencias/calidade/documentacion-sgc>

Compre subliñar, que no curso 2019-2020, a facultade de Ciencias elaborou e aprobou o seu **Plan Estratéxico Ponte e Plan de Mellora Anual 2020-2022**, que logo dun análise da situación do centro, recolle as accións e liñas estratéxicas a desenvolver nos primeiros dous anos e as accións de mellora a levar adiante consonte o análise realizado pola Comisión de Calidade. O plan está dispoñible publicamente no enlace:

<https://pro-assets-usc.azureedge.net/cdn/ff/IXjJF7RMxKDOgPzsP21IkJnB8cnY75gGunhb3b9bSJY/1621337336/public/documents/2021-05/Plan-Estrat-Ponte-e-Plan-de-Mellora-Anual-FacCiencias.pdf>

Revisión do plan de melloras do curso anterior

O informe de resultados do 2020-2021 recolle que, tendo en conta a traxectoria do GEPQI e da experiencia da Facultade na xestión dos seus títulos e no seu Sistema de Garantía de Calidade, a Comisión de Título propuxo solicitar para o curso 2021-2022 a obtención do selo EUR-ACE de Enxeñaría dentro do Programa de Selos Internacionais de Calidade (SIC) de ANECA. Esta proposta incluíuse como unha acción de mellora no marco da xestión do título (dimensión 1) e do criterio 3 (Sistema de garantía de calidade) e incorporouse no Plan de melloras do centro (**AMF21-22-1**). No proceso de acreditación traballouse dende o mes de xaneiro do 22 ata fin do curso 2021-2022. No mes de setembro do curso 2022-2023 rematouse a compilación de toda a documentación para a obtención do selo EUR-ACE. Finalmente, a finais de setembro, a dous días do remate do prazo da entrega da documentación, a Universidade paralizou o seu envío, sen ningunha explicación, perdéndose a oportunidade de acadar este selo internacional de prestixio.

A Comisión de Título do Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais acordou, non propoñer para o curso 2023-2024 outras accións de mellora relacionadas con esta directriz.

Por outra banda cabe mencionar que, co motivo da renovación da Certificación de Implantación do SGC durante o curso 2022-2023 a Comisión de Calidade preparou toda a documentación necesaria para someterse a avaliación dunha Comisión Externa. En outubro de 2023 tivo lugar a visita da comisión quen, non seu informe oral, adiantou a necesidade de elaborar un novo Plan Estratéxico de centro no que basear os obxectivos e metas a acadar e os correspondentes indicadores de seguimento. Derivado disto, e seguindo instrucións da Área de Calidade e mellora dos procedementos da USC, a Comisión de Calidade do Centro acordou nomear unha comisión de traballo para a elaboración dun Plan Estratéxico 2024-2026 que sería recollido como acción de mellora a desenvolver no curso 2023-24 (**AMF2324-1**).

AMF2324-1.- Elaboración do Plan Estratéxico da Facultade.

Dimensión 2. Recursos humanos

Analizarase a adecuación e suficiencia do persoal académico e de apoio, así como os recursos materiais, infraestruturas e servizos dispoñibles para garantir a consecución dos resultados definidos polo título

■ Criterio 4. Recursos Humanos

PDI

O PDI que imparte docencia no GEPQI está adscrito aos departamentos que se relacionan nas táboas seguintes, xunto co número de profesores en cada caso.

TIPOLOXÍA DO PROFESORADO DO TÍTULO					
Título: Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais			Centro: Facultade de Ciencias [L]		RUCT: 2502236
Categoría	Número	Porcentaxe	Número	Horas	Porcentaxe Horas
Profesor/a: Asociado/a de Universidade LOU	3	7.14%		184.0	3.84%
Profesor/a: Catedrático/a de Universidade	3	7.14%		256.0	5.34%
Profesor/a: Colaborador	1	2.38%		156.0	3.25%
Profesor/a: Profesor Axudante Doutor LOU	3	7.14%		454.0	9.47%
Profesor/a: Profesor Contratado/a Doutor	5	11.9%		1104.0	23.02%
Profesor/a: Profesor Interino/a substitución	1	2.38%		56.0	1.17%
Profesor/a: Titular de Escola Universitaria	1	2.38%		96.0	2.04%
Profesor/a: Titular de Universidade	25	59.52%		2488.0	51.88%
Total general	42	100.0%		4796.0	100.0%

PROFESORADO DO TÍTULO POR DEPARTAMENTO E ÁREA					
Título: Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais			Centro: Facultade de Ciencias [L]		RUCT: 2502236
Departamento	Área	Número	Experiencia docente	Experiencia investigadora	
Electrónica e Computación	[075] Ciencia da Computación e Intelixencia Artificial	1	5	1	
Enxeñaría Agroforestal	[305] Expresión Gráfica da Enxeñaría	1	5	0	
	[500] Enxeñaría Agroforestal	3	15	0	
	[590] Máquinas e Motores Térmicos	1	6	0	
Enxeñaría Química	[555] Enxeñaría Química	5	17	11	
Estatística, Análise Matemática e Optimización	[265] Estatística e Investigación Operativa	3	6	1	
Farmacoloxía, Farmacia e Tecnoloxía Farmacéutica	[310] Farmacia e Tecnoloxía Farmacéutica	2	9	8	
Física Aplicada	[385] Física Aplicada	7	31	23	
Matemática Aplicada	[595] Matemática Aplicada	3	15	7	
Organización de Empresas e Comercialización	[650] Organización de Empresas	2	4	1	
Produción Vexetal e Proxectos de Enxeñaría	[720] Proxectos de Enxeñaría	1	3	2	
Psiquiatría, Radioloxía, Saúde Pública, Enfermería e Medicina	[615] Medicina Preventiva e Saúde Pública	2	0	1	
Química Análítica, Nutrición e Bromatoloxía	[750] Química Análítica	2	12	5	
Química Física	[755] Química Física	4	22	15	
Química Inorgánica	[760] Química Inorgánica	3	12	10	
Química Orgánica	[765] Química Orgánica	2	12	12	
Total general		42	174	97	

A tipoloxía do profesorado é axeitada cun alto predominio de profesorado con vinculación permanente (**IN26G**), sexa funcionario ou contratado, a porcentaxe de PDI funcionario sobre o PDI total é 70,83% no GEPQI e 50,70% na USC. Ademais conta cunha experiencia docente e traxectoria investigadora destacada, tal e como pode verse na relación de quinquenios docentes e sexenios de investigación que se acompaña por área de coñecemento (PDI con sexenios (**IN24G**) sobre PDI total 92,31% no GEPQI e 85,20% na USC).

Por outra banda, no curso 2022-2023 a porcentaxe de profesorado do GEPQI que participou en actividades de formación (Informe 5011_I6-I7_2022-2023) foi do 31%, sendo esta porcentaxe similar ás outras titulacións da facultade.

Por todo isto, o perfil do profesorado considérase axeitado para acadar os obxectivos docentes e de investigación especificados na Memoria do Título.

PAS

En canto ao persoal de administración e servizos, contase coa dotación adscrita á Facultade de Ciencias e aos servizos directamente vinculados coa titulación que se indican na táboa seguinte:

Cadro de persoal de Administración e Servizos

E-16 Información sobre o persoal de apoio - Facultade de Ciencias. Curso 2022-2023				
Número	Unidade	Escala/Categoría	Denominación posto	Antigüidade (no posto e escala)
1	FAC. de CIENCIAS	Técnico investigación	TEC. INVESTIG. (AREA QUIMICA-FISICA)	19 ano(s), 10 mes(es) e 0 día(s)
2	FAC. de CIENCIAS	Técnico investigación	TEC. INVESTIG. (AREA QUIMICA-FISICA)	16 ano(s), 5 mes(es) e 0 día(s)
3	PTO ATENCION INFORM.SERV. CIENCIAS	Auxiliar técnico servizos	COORDINADOR/A SERVICIOS XERAIS	15 ano(s), 1 mes(es) e 25 día(s)
4	PTO ATENCION INFORM.SERV. CIENCIAS	Auxiliar técnico servizos	TEC. SERV. XERAIS/AUX. TEC. SERVICIOS	9 ano(s), 8 mes(es) e 10 día(s)
5	PTO ATENCION INFORM.SERV. CIENCIAS	Auxiliar técnico servizos	TEC. SERV. XERAIS/AUX. TEC. SERVICIOS	7 ano(s), 4 mes(es) e 16 día(s)
6	PTO ATENCION INFORM.SERV. CIENCIAS	Auxiliar técnico servizos	TEC. SERV. XERAIS/AUX. TEC. SERVICIOS	6 ano(s), 5 mes(es) e 1 día(s)
7	SECRET. DECANATO CIENCIAS	E. Administrativa-Administración	SECRETARIA DE DECANATO	22 ano(s), 0 mes(es) e 27 día(s)
8	UNID. XEST. CENTRO DEP. CIENCIAS	E. de xestión-administración	RESPONSABLE UNIDADE	1 ano(s), 1 mes(es) e 21 día(s)
9	UNID. XEST. CENTRO DEP. CIENCIAS	Escala auxiliar-administración	POSTO BASE	0 ano(s), 8 mes(es) e 28 día(s)
10	UNIDADE AA. EE. CIENCIAS	E. Administrativa-Administración	RESPONSABLE ASUNTOS ECONOMICOS	15 ano(s), 1 mes(es) e 19 día(s)

Fonte: Base de datos de persoal da USC proporcionada pola Área de Tecnoloxías da Información e Comunicación (ATIC) actualizada a 1 de xullo de 2023

Os distintos membros do PAS prestan os seus servizos para o bo funcionamento do centro nos seus ámbitos propios de competencia. E quizais a única aclaración debe ser a adicada ao persoal Técnico de Investigación. Os técnicos de investigación, así definidos na Lista de Postos de Traballo da USC, constitúen o persoal de apoio técnico aos laboratorios prácticos e entre as súas funcións podemos destacar: *xestionar a actividade de laboratorio e apoio á docencia*.

O persoal PAS é un colectivo comprometido coas súas tarefas. Nas enquisas de satisfacción do PAS co seu traballo, amósase un bo resultado cunha valoración media de 4,8 sobre 5 (**5011_INF.21_2022_2023**) que confirma o dito anteriormente.

Ademais este colectivo continúa participando no plan de formación durante o curso 2022-2023 (**5011_I6-I7_2022-2023**) cun valor máis elevado que nos anos anteriores, 80% e amosando unha satisfacción media cos cursos atendidos de 8,27 sobre 10 (**5011_INF.11_2022_2023.pdf**).

Por tódolos aspectos mencionados anteriormente considérase que o cadro de persoal resulta ser axeitado e suficiente para as tarefas a desenvolver no GEPQI e ademais a súa cualificación e adicación e moi apropiada aos fins do título.

■ Criterio 5. Recursos materiais e servizos

A Facultade de Ciencias, onde se desenvolve a docencia do GEPQI, dispón de instalacións, recursos materiais e servizos axeitados para o desenvolvemento da actividade docente e discente do grao. A Facultade dispón, en ámbolos dous edificios que a compoñen, de puntos de acceso para persoas con discapacidades físicas que afectan á mobilidade e conta con prazas de aparcamento reservadas a tal efecto.

Dispónse de rede wifi na totalidade do centro, o que permite utilizar como zonas de traballo non so as salas de lectura senón tamén lugares habilitados con mesas e tomas de corrente ao longo de todo os edificios, o que se considera de gran importancia xa que o alumnado fai uso de plataforma web para dispoñer de materias docente, exemplos de exames, prácticas, exercicios que debe cumprimentar on-line, etc..

Na actualidade o centro dispón de 12 laboratorios docentes de prácticas completamente equipados co material necesario para a realización das mesmas distribuídos no edificio de laboratorios. Entre o resto de locais da Facultade compre destacar unha aula de lectura con acceso a rede wifi. Ademais a Facultade conta con 16

aulas habilitadas para a docencia que dispoñen dos seguintes recursos: 1 ordenador, 1 proxector de vídeo, pantalla táctil de proxección ou pantalla de proxección, 1 encerado, conexión a Internet, rede wifi dispoñible para o alumnado e o profesor. Ademais, o 50% das aulas (8) dispón de equipamento para docencia on-line (cámaras automáticas de seguimento que permiten a retransmisión da clase en directo).

Para a docencia interactiva dispónse de 4 aulas de informática equipadas cada unha delas con 20 ordenadores para os alumnos e un para o profesor, con conexión a internet e rede wifi. Dúas destas aulas teñen taboleiros dixitais.

No campus lucense, os recursos bibliotecarios, tanto fondos como postos de lectura, están centralizados na denominada Biblioteca Intercentros, que presta servizos ás titulacións existentes no campus de Lugo (agás Fac. Formación de profesorado que conta con Biblioteca propia). Segundo datos facilitados pola USC, a Biblioteca Intercentros dispón de 1715 postos de lectura, o que significa unha dispoñibilidade de postos de lectura en bibliotecas por estudante equivalente a tempo completo no campus de pero de 0,50 postos/alumno. En canto aos fondos bibliográficos dispoñibles, nesta instalación cóntase con máis de 100.000 monografías 250 publicacións periódicas activas e outros recursos non libraríos (mapas, cd's, fotografías, etc.). ademais existe dispoñibilidade de máis 500 outras publicacións periódicas en formato electrónico na USC, accesibles desde calquera punto de conexión da rede da USC, nos seus dous campus.

Débase subliñar que os diferentes grupos de interese amosan un alto grao de satisfacción cos recursos e servizos. En todos os casos ás preguntas da enquisa de satisfacción que se refiren aos medios materiais son contestadas con media superiores a 4/5. Con respecto da mellora de instalacións da Facultade de Ciencias, para a actualización e mantemento dos medios audiovisuais, informáticos, etc., cómpre sinalar que ao longo dos últimos anos, a Facultade ven participando de forma continuada nas convocatorias de accións de mellora promovidas pola sucesivas Vicerreitorías con competencias en materia de calidade. Froito desas accións, en cada curso académico vaise actualizando e renovando as infraestruturas e o equipamento docente (material informático, medios audiovisuais, sistemas de proxección, equipos de laboratorio, software específico, etc...) en función das necesidades de cada titulación. Do mesmo xeito tamén se continua coa adquisición de equipamento e infraestruturas docentes de xeito extraordinario, no marco de convenios de financiamento coa Xunta de Galicia nas Facultades e Centros de SUG.

Durante os últimos cursos (2021-2022 e 2022-2023) a Facultade de Ciencias levou a cabo accións de mellora (**AMF2122-8** e **AMF2223-2**) na que se incluíu a instalación de novas infraestruturas, así como á adquisición de material e equipamento como consecuencia da súa ampliación, renovación ou substitución.

Dimensión 3. Resultados

Analizaranse os resultados do título e a evolución que estes tiveron durante o desenvolvemento do mesmo. Neste sentido, analizaranse os mecanismos establecidos pola universidade para comprobar a adecuada adquisición, por parte dos estudantes, das competencias inicialmente definidas para o título, é dicir, o cumprimento dos resultados de aprendizaxe que definen o perfil de egreso. Tamén se analizará a evolución dos diferentes indicadores de resultados académicos, profesionais (empregabilidade) e persoais (satisfacción coa formación recibida).

■ Criterio 6. Resultados do programa formativo

Na táboas seguintes amósase a evolución dos principais indicadores do título:

GRADO EN ENXENARIA DE PROCESOS QUIMICOS INDUSTRIAIS - INDICADORES E DATOS						
Indicador	Curso	18-19	19-20	20-21	21-22	22-23
Matrícula e Perfil de Ingreso	IN01G Prazas ofertadas	50	45	45	45	45
	IN02G Matrícula/Matrícula global	116	110	117	124	123
	Total Mujeres	61	57	59	64	65
	IN03G Matrícula de acceso	25	20	27	33	24
	Bachillerato	23	16	24	23	19
	Formación Profesional	1	3	2	7	2
	Otros	1	1	1	3	3
	IN04G Matrícula de novo ingreso por preinscripción	24	20	26	33	23
	IN06G Nota media de acceso por preinscripción	8,21	7,35	8,05	8,55	8,33
	IN07G Porcentaxe de estudantes que acceden á titulación con puntuación igual ou superior a seis	86,36	78,95	88,46	96,67	90,00
	IN08G Porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre matriculados	0,9	0,9	3,4	4,0	2,4
	Total estudantes extranjeros	1	1	4	5	3
	IN09G Porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia sobre matriculados	5,2	4,5	5,1	4,0	4,1
Total estudantes no gallegos	6	5	6	5	5	
IN10G Relación de estudantes preinscritos en 1ª opción matriculados por 1ª vez sobre as prazas ofertadas	22,0	33,3	15,6	37,8	24,4	
Total matriculados en 1ª opción	11	15	7	17	11	
IN12G Taxa de ocupación (%)	48,0	44,4	57,8	73,3	51,1	
Movilidade (Programas intercambio; Prácticas empresas)	IN17G Porcentaxe de estudantes enviados sobre o total de matriculados	1,7	0,0	---	---	---
	Total estudantes enviados	2	0	---	1	3
	IN18G Porcentaxe de estudantes recibidos sobre o total de matriculados	6,0	0,0	0,0	1,6	0,8
	Total estudantes recibidos	7	0	0	2	1
	IN15G Satisfacción dos estudantes saíntes cos programas de mobilidade	---	---	4,51	---	3,54
	IN16G Satisfacción dos estudantes recibidos cos programas de mobilidade	---	---	---	---	---
Recursos Humanos	IN22G Porcentaxe de estudantes egresados que realizaron prácticas en empresas	88,9	63,6	71,4	53,9	83,3
	Titulados que fixeron prácticas	16	7	10	7	20
	Total de titulados	18	11	14	13	24
Recursos Materiais	IN24G Porcentaxe de PDI con sexenios sobre o PDI total	89,7	89,7	87,9	87,1	92,3
	IN25G Porcentaxe de PDI doutor sobre o PDI total	87,2	85,1	80,5	85,0	87,5
	IN26G Porcentaxe de PDI funcionario sobre o PDI total	55,3	55,3	63,4	62,5	70,8
Estudantes por grupo	Ordenadores para docencia	70	70	100	100	100
	Ordenadores para docencia por estudante	0,6	0,6	0,9	0,9	0,9
	Ordenadores no para docencia	17	17	17	17	17
	Ordenadores no para docencia por estudante	0,1	0,2	0,1	0,1	0,1
Estudantes por grupo	IN31G Estudantes por grupo de docencia de teoría	27,29	26,57	-	-	-
	IN32G Estudantes por grupo de docencia interactiva	18,52	17,65	21,64	21,35	19,67

GRADO EN INGENIERIA DE PROCESOS QUIMICOS INDUSTRIALES - INDICADORES Y DATOS							
Indicador		Curso	18-19	19-20	20-21	21-22	22-23
Satisfacción (de 1 a 5)	IN46G Estudiantes coa docencia recibida		3,82	3,72	3,76	3,77	4,49
	IN48G Taxa de resposta en IN46G (%)		44,2	39,4	26,4	10,6	6,5
	IN47G Profesorado coa docencia impartida		4,32	4,03	4,02	4,21	4,22
	IN19G Estudiantes coas prácticas externas		4,78	---	4	4,50	4,19
	IN20G Tutores profesionais coas prácticas externas		4,25	---	---	4,00	3,83
	IN21G Tutores académicos coas prácticas externas		4,75	---	4,6	4,75	-
	IN42G Egresados coa titulación (<i>sen desagregar por títulos</i>)		3,78	---	3,39	3,32	-
Resultados do Título	IN34G Taxa de Rendemento (%)		65,6	74,8	63,1	62,8	59,1
	Taxa de rendemento por curso	1º	60,2	68,3	50,5	51,5	37,6
		2º	54,1	66,4	43,8	51,6	58,6
		3º	73,1	83,1	78,8	78,2	75,2
		4º	93,3	92,9	90,5	81,7	82,6
	IN35G Taxa de Éxito (%)		74,8	82,0	69,9	72,4	68,6
	Taxa de éxito por curso	1º	71,1	79,2	55,8	62,2	45,4
		2º	64,5	72,6	51,1	58,3	67,5
		3º	76,2	86,7	84,9	80,2	79,6
		4º	100,0	100,0	96,6	99,5	97,2
	IN36G Taxa de Avaliación (%)		87,7	91,2	90,2	86,8	86,2
	Taxa de avaliación por curso	1º	84,7	86,3	90,5	82,8	82,7
		2º	83,8	91,5	85,6	88,5	86,8
		3º	95,9	95,9	92,8	97,5	94,5
		4º	93,3	92,9	93,7	82,1	84,9
	IN38G Duración media dos estudos (anos)		4,7	4,5	4,8	5,9	5,8
	IN37G Taxa de Graduación		50,0	32,0	27,0	20,8	42,6
	IN40G Taxa de Abandono durante o primeiro curso (%)		24,3	16,7	0,0	17,7	25,0
	IN41G Taxa de Abandono RD 1393/2007 (%)		35,0	48,0	35,1	37,5	4,8
	IN50G Taxa de Éxito dos egresados		84,9	90,2	88,0	77,0	77,0
IN53G Taxa de eficiencia (rendemento dos egresados) (%)		84,9	90,2	86,6	75,0	73,8	
IN51G Taxa de Idoneidade na graduación		30,0	28,0	10,8	19,1	11,8	

Taxas de Rendemento, Éxito e Avaliación:

En canto aos valores globais do título, pódese apreciar que os valores medios dos últimos cinco anos para as taxas de rendemento (65,4%) e taxa de éxito (72,5%) presentan variacións entornando a 6%, mentres que o valor medio da taxa de avaliación (88,7%) tan só varía un 2%, é dicir, as variacións que presentan nos cinco anos son pouco significativas.

No que se refire aos valores desagregados por curso, o 4º curso segue coas tendencias aos valores máis elevados, se ben as taxas de éxito son do 97,2%, pero as outras taxas están en valores do 82-84%, polo que volve incidir no comentado anteriormente, as materias ás que se presentan as aproban pero hai algunhas das matriculadas que as descartan.

Como pode observarse na seguinte táboa o valor medio da USC (2022-2023) nas tres taxas é maior que o do grao, non obstante, os datos dispoñibles do SIIU ([2502236_INF SIIU_2022-2023](#)) para o curso 2021-2022 nas Enxeñarías son da mesma orde que os obtidos no GEPQI.

Comparativa das taxas de rendemento, éxito e avaliación nas Enxeñarías, na USC e no GEPQI			
	Taxa de rendemento (%)	Taxa de éxito (%)	Taxa de Avaliación (%)
Enxeñarías (2502236_INF.SIIU_2022-2023)*	65,50	77,97	84,01
Media Area USC (2502236_MedUSC_2022-2023)	69,90	80,22	87,13
GEPQI	59,12	68,61	86,17

*Datos Curso 2021-2022

Este comportamento indica que os estudantes descartan presentarse a menos materias que na media das enxeñarías, polo que a taxa de éxito é un pouco menor á media das Enxeñarías.

Estes indicadores poden verse afectados por levar estes anos de adaptación da 2ª edición do título, coas modificacións do Plan de Viabilidade, nos que houbo unha acumulación de alumnos repetidores nalgunhas materias, mesmo no propio TFG.

Taxa de abandono:

A taxa de abandono durante o primeiro curso (**IN40G**) foi do 25%, é un pouco máis alta que a Media da Área (19,92%), tendo en conta que a comezos do curso 2022-2023 houbo noticias en prensa sobre ameazas de peche do título por baixa demanda e duplicidade por parte da USC que xeraron inquedanzas entre os estudantes matriculados en primeiro curso, pode que os levaran a abandonar o título ou ir a outra universidade. Por outra parte, somos coñecedores que hai estudantes que inician estudos neste título porque a súa nota das probas de acceso á universidade non lle permitiron estudar o título desexado, feito que leva en moitos casos a un cambio de título.

Os datos recollidos no SIIU (**2502236_INF SIIU_2022-2023**) para o curso 2021-2022 nas Enxeñarías indican que o valor da taxa de renovación (Novo ingreso/Matriculados) está no 25%, mentres que no caso do GEPQI é menor, do 19,5%.

A taxa de abandono RD 1393 (4,76%) é moito máis baixa que a Media da Área: 20,93%, mostra que os estudantes que estaban acumulados nos últimos cursos conseguiron ser egresados e non abandonar o título.

Duración media dos estudos:

A Comisión do Título é perfectamente coñecedora de que algúns estudantes que teñen todas as materias superadas, e aos que tan só lles resta para rematar os estudos o Traballo Fin de Grao, retrasan a presentación do mesmo, sen que ata o momento se coñezan todas as causas deste comportamento. Non obstante, considérase que un resultado de 5,8 anos é axeitado para un título da rama de enxeñaría (5,4 para o curso 2021-2022 (**2502236_INF SIIU_2022-2023**)).

Taxas de Graduación e Idoneidade dos egresados:

As taxa de graduación (**IN37G**) é do 47,62%, moi superior ó curso anterior, xa que neste curso graduáronse moitos alumnos acumulados repetidores na defensa do TFG polo cambio de Plan de Estudos (Segunda Edición do GEPQI), e a de idoneidade na graduación (**IN51G**) é de 11,76%, que descende con respecto ao curso anterior debido a que moitos dos egresados deberían ser xa titulados en anos anteriores. As taxas de eficiencia (ou rendemento, **IN53G**) e a de éxito dos egresados (**IN50G**) non teñen cambios significativos (74% e 77%, respectivamente).

A Comisión do Título considera que a disparidade destes indicadores ao longo da serie histórica débese a heteroxeneidade das diferentes cohortes de acceso, por exemplo, o número de estudantes de cada cohorte ás veces oscila nun 30%, ou que sexan estudantes que entraron porque querían facer o título ou que accederon porque non puideron entrar no título que querían.

Os resultados obtidos nas distintas taxas poden ser froito do cambio de Plan de Estudos no 2017 e que se arrastra ata o curso 2022-2023; espérase que haxa unha normalización nas próximas promocións.

■ Criterio 7. Indicadores de Satisfacción e Rendemento

Satisfacción do alumnado coa docencia recibida

A enquisa (**2502236_INF.13_2022-2023**) mostra un valor medio de 4,49 sendo este similar á da media dos últimos cinco cursos.

No valor do **IN46G** destacan a resposta ao “A axuda recibida nas titorías foime de utilidade?” cun valor de 4,89 “Cumpre co programa e o plan de traballo previsto?” (4,66), e reflexando que no conxunto do título lógrase manter un nivel docente/discendente axeitado.

A taxa de resposta na enquisa de satisfacción (**IN48G**) atópase por baixo da media dos últimos anos, e a porcentaxe de participación na enquisa é moi baixa (6,54%). Os resultados das enquisas móstranse na seguinte táboa.

Informe sobre indicador IN46G	18-19	19-20/1ºS	19-20/2ºS	20-21	21-22	22-23
O/A docente explica a programación da materia e os criterios de avaliación?	4,01	4,13	---	---	4,26	4,66
Cumpre co programa e o plan de traballo previsto?	4,12	4,15	---	---	4,41	4,66
Coñecen de antemano os criterios de corrección de exames e/ou traballos?	3,82	4,03	---	---	3,88	4,34
Organiza ben as clases e explica con claridade facilitando a comprensión da materia?	3,70	3,46	3,56	3,75	3,38	4,41
O material de apoio resúltame útil para a preparación da materia?	3,71	3,51	---	---	3,36	4,38
Os recursos didácticos empregados reforzan a comprensión da materia?	3,71	3,61	3,58	3,67	3,43	4,39
O/A docente propón actividades que favorecen a miña aprendizaxe autónoma?	3,64	3,78	---	---	3,61	4,34
Os contidos desenvólvense de acordo co cronograma temporal da materia?	4,02	4,10	---	---	4,28	4,62
O/A docente motiva a participación crítica e activa do alumnado no desenvolvemento da clase?	3,71	3,78	3,63	3,72	3,70	4,5
Resolve as dúbidas que se lle formulan (clase, titorías, aula virtual, correo electrónico,...)?	4,03	4,15	3,94	3,94	3,94	4,59
Ten unha actitude receptiva que facilita a comunicación cos/cas estudantes?	3,97	3,97	---	---	3,99	4,52
Consegue facerme ver a relevancia da materia e o seu interese para a miña formación?	3,69	3,78	---	---	3,65	4,48
A axuda recibida nas titorías foime de utilidade?	3,85	4,09	---	---	3,93	4,89
O/a docente mellorou o meu nivel de partida en relación á materia?	3,72	3,81	3,33	3,73	3,64	4,41
O/A docente fai que a asistencia a clase sexa proveitosa para a comprensión dos contidos?	3,67	3,63	---	---	3,38	4,45
Globalmente estou satisfeito/a co/coa profesor/a da materia?	3,79	3,63	3,43	3,66	3,58	4,28
Considero que hai coordinación entre os distintos profesores da materia?	---	---	---	---	---	---
Favorece que desenvolva a miña capacidade de transmitir información, ideas, problemas e solucións?	---	---	---	---	---	---
Os contidos desenvolveron de acordo ao cronograma inicialmente previsto?	---	---	4,02	4,11	---	---
Resólvense as dúbidas que se trasladan?	---	---	3,50	3,62	---	---
Os materiais suministrados serviron de axuda para preparar a materia?	---	---	3,48	3,55	---	---
A carga de traballo foi adecuada aos contidos e créditos da materia?	---	---	3,74	3,64	---	---
A comunicación co/coa docente foi adecuada?	---	---	3,60	3,95	---	---
Valor medio do título	3,82	3,72	3,62	3,76	3,77	4,49

Co fin de incrementar a taxa de participación do alumnado nas enquisas de satisfacción a Comisión de título propón a Comisión de Calidade que dende o centro se tomen medidas efectivas que teñan continuidade no tempo polo que estas medidas deberán ser contempladas como accións estratéxicas e polo tanto, recollidas na elaboración do Plan Estratéxico da Facultade. Por este motivo propónse a acción de mellora **AMF2324-2**:

AMF2324-2.- Contemplar como accións estratéxicas, con continuidade no tempo, a planificación e realización de actividades que fomenten a participación do alumnado nas enquisas de satisfacción coa docencia recibida.

Satisfacción do profesorado coa docencia impartida

Na enquisa do curso 2022-2023 de satisfacción do profesorado coa docencia impartida (2502236_INF.14_2022-2023) obtén unha valoración de 4,21 similar ao ano pasado e a participación neste curso chegou a un 63,83%. Os resultados preséntanse na táboa adxunta.

Informe sobre indicador IN47G	18-19	19-20	20-21	21-22	22-23
Os estudantes participan crítica e activamente no desenvolvemente das clases?	3,49	3,61	3,49	3,43	3,58
Cofece o nivel de comprensión dos alumnos/as?	4,00	4,09	4,20	4,15	4,05
Globalmente estou satisfeito co traballo realizado polo alumnado?	3,56	3,72	3,51	3,48	3,52
Os estudantes están satisfeitos con meu labor?.	3,81	4,00	3,89	3,62	3,86
O material e servizos de apoio á docencia existentes na universidade son adecuados?	4,56	4,09	4,38	4,31	4,20
A coordinación entre materias e niveis do título é adecuada?	4,34	4,37	4,00	4,27	3,95
Estou interesado en recibir formación de apoio para mellorar a miña docencia?	4,46	4,25	3,84	4,08	4,39
Organizo e estruturo ben as miñas clases?	4,68	4,36	4,49	4,54	4,50
Informo adecuadamente aos alumnos dos criterios de avaliación?	4,90	4,66	4,71	4,87	4,75
Son accesible para os estudantes en clases e tutorías?	4,95	4,55	4,69	4,71	4,75
Manteño un trato correcto cos estudantes?	4,87	4,57	4,69	4,87	4,80
Estou satisfeito coa titorización do TFG?	3,79	4,20	4,29	4,24	4,06
En xeral, estou satisfeito coa miña labor docente?	4,44	4,23	4,24	4,19	4,34
O nivel co que chega o alumno é suficiente para enfrentarse aos contidos da materia?	---	3,56	3,02	---	---
Estou satisfeito/a coa relación creada co alumnado nas clases e tutorías?	---	---	---	---	---
Os estudantes mostran unha actitude de interese pola materia?	---	---	---	---	---
A coordinación entre os distintos profesores da materia foi efectiva?	---	---	---	---	---
No centro dispoño dos recursos necesarios para a docencia?	---	---	---	---	---
Mantivo unha comunicación adecuada cos estudantes?	---	4,52	4,57	---	---
Estou satisfeito coas ferramentas dispoñibles para a docencia?	---	3,22	3,58	---	---
Experiencia previa en tecnoloxías para a avaliación en remoto?	---	3,7	3,89	---	---
Satisfacción coa docencia non presencial?	---	3,69	3,77	---	---
Satisfacción coa avaliación non presencial?	---	3,34	3,15	---	---
Interesados en recibir formación para a mellora da docencia en novas tecnoloxías (%)	---	---	---	---	---
Interesados en recibir formación para a mellora da docencia en apoio didáctico e pedagóxico (%)	---	---	---	---	---
Valor medio del título	4,32	4,03	4,02	4,21	4,21

En xeral, as puntuacións máis baixas están nas respostas relativas á participación e o traballo dos estudantes.

Satisfacción do profesorado coa titulación

No curso 2022-2023 (2502236_INF.23_2022_2023), dita enquisa tivo unha taxa de resposta do 53,19%, obtendo un valor medio de 4,03, cunha pouca máis de participación e cun resultado medio similar ao do curso pasado. Destacan boas respostas en canto ao uso do Campus Virtual, a boa atención do persoal de administración e servizos, unha titulación ben organizada ou o calendario das probas de avaliación.

As baixas puntuacións van relacionadas coa pouca planificación académica dos estudantes, a irregularidade de asistencia a clase e a non implicación na titulación.

Os resultados da enquisa para o curso 2022-2023 móstranse na seguinte táboa.

Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais

Satisfacción do profesorado coa titulación

Curso académico	2022/2023
Pregunta	Media
Consideras que a información que tes sobre a túa titulación é axeitada? (aspectos organizativos e de xestión, plan de estudos, competencias)	3.96
Valora a atención prestada polo persoal de administración e servizos.	4.32
Os recursos educativos dispoñibles son axeitados?	4.12
As aulas e o seu equipamento están en bo estado e son adecuadas para o meu labor docente?	4.12
O campus virtual facilita a miña labor docente?	4.68
As vías existente para participar na mellora da calidade son axeitadas?	3.96
Os horarios existentes son axeitados?	4.08
A carga de traballo está ben distribuída?	4.24
O calendario de probas de avaliación é razoable?	4.40
As e os docentes estamos coordinados na organización do título?	3.72
A titulación é equilibrada nos seus contidos teóricos e prácticos?	4.20
O alumnado recibe unha formación en competencias profesionais axeitada?	4.21
En xeral, considero que a titulación está ben organizada?	4.30
Valora a calidade docente da túa titulación.	4.20
O alumnado cumpre coa planificación académica sen problemas?	3.72
O alumnado acode con regularidade ás clases?	3.08
O alumnado implicase na titulación?	3.33
O alumnado está satisfeito coa titulación?	3.71
En xeral, sintome satisfeito/a coa titulación.	4.13

Curso académico	2019/2020	2020/2021	2021/2022	2022/2023
Valoración global	3.76	4.14	4.11	4.03
Participación	40.43%	43.90%	51.28%	53.19%

Prácticas Externas. Mobilidade. Indicadores de satisfacción

No curso 2022-2023, estivo no centro cursando a titulación, unha alumna como SICUE da Universidade de Oviedo. Tamén como SICUE trasladáronse dous estudantes á Universidade de Las Palmas de Gran Canaria. Houbo un estudante ERASMUS que estivo en Hungría (2502236_INF03_2022-2023). Ademais, neste curso unha estudante estivo na Universidade de Coimbra a través do programa ERASMUS Prácticas. A valoración global da experiencia por parte dos estudantes é de 4,35 sobre 5 (2502236_INF04_2022_2023).

Con respecto ás prácticas externas, o 83,33% dos estudantes realizaron prácticas externas (IN22G). Dos informes de satisfacción do alumnado cos programas de prácticas externas (2502236_INF.06_2022-2023) extraese que quedan satisfeitos cunha valoración global de 4,25 sobre 5. O IN19G, Satisfacción dos estudantes coas prácticas externas, é de 4,19.

Dos titores profesionais de prácticas externas hai unha participación do 22,22% (2502236_INF.07_2022-2023), cun IN20G de 3,83. Sen embargo, os titores académicos indican un grao de satisfacción coas prácticas externas dun 4,63 sobre 5 (IN21G) (2502236_INF.08_2022_2023).

**Informe da enquisa de satisfacción do alumnado cos programas de prácticas externas
Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais
Prácticas Grao RD 1393/2007**

Curso académico	2022/2023			
Pregunta	Media			
A información previa recibida do procedemento das prácticas foi axeitada (requisitos, prazas ofertadas, horarios, etc.).	4.25			
A duración das prácticas foi axeitada	4.25			
As instalacións e os medios materiais cos que contei na empresa/institución foron axeitados	4.50			
A atención recibida por parte do/a titor/ra profesional e do persoal da empresa/institución foi adecuada.	4.50			
As actividades desenvolvidas tiñan unha relación clara coa formación da miña carreira.	3.50			
As actividades desenvolvidas na empresa/institución cumpriron as miñas expectativas.	3.50			
En xeral, as prácticas supoñen un bo contacto co mercado laboral.	4.50			
A información, orientación e atención prestada por parte do/a meu/ña titor/ra académico/a da Universidade foi axeitada.	4.50			
Valora a túa satisfacción co teu período de prácticas externas	4.25			

Curso académico	2019/2020	2020/2021	2021/2022	2022/2023
Valoración global	N/A	4.25	4.33	4.19

Participación 2022-2023
33,33 %

Informe da enquisa de satisfacción dos/as titores/as académicos/as cos programas de prácticas externas
Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais
Prácticas Grao RD 1393/2007

Curso académico	2022/2023
Pregunta	Media
A coordinación e a planificación das prácticas realizouse atendendo as necesidades do/da alumno/a e da institución/empresa?	4.67
Mantiven unha boa comunicación e coordinación coa institución/empresa e os responsables profesionais?	4.33
As competencias profesionais previas do alumno/a eran as axeitadas para a praza ofertada?	4.67
Considero que estas prácticas supoñen un bo contacto dos/das estudantes co mundo laboral?	4.67
O desempeño xeral do/da alumno/a foi axeitado?	4.67
Estiven atento/a ás necesidades do/a tutorando/a e mantiven unha comunicación axeitada con el/ela?	4.67
Indique o seu grao de satisfacción xeral coas tarefas desenvolvidas como titor/ra académico/a das prácticas externas (volumen, dificultade das mesmas, etc.)?	4.67
A organización e o desenvolvemento xeral do programa de prácticas é axeitada?	4.67

Curso académico	2019/2020	2020/2021	2021/2022	2022/2023
Valoración global	N/A	4.73	4.66	4.63

Participación 2022-2023
100 %

4. PLAN DE MELLORAS para o curso seguinte

ACCIÓNS DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	AMF2324-2
		Tipo	Dimensión 3. Resultados Criterio 7. Indicadores de satisfacción e rendemento Satisfacción do alumnado coa docencia recibida
	Orixe	Orixe acción	Comisión de Título
		Descrición orixe	Baixa participación do alumnado nas enquisas de satisfacción
	Definición	Análise causa	Nos últimos anos detéctase unha baixa participación do alumnado nas enquisas de satisfacción o que dificulta a análise de resultados e seguimento do programa formativo.
		Definición/descrición proposta	Contemplan como accións estratéxicas, con continuidade no tempo e a incluír no Plan Estratéxico da Facultade, a planificación e realización de actividades que fomenten a participación do alumnado nas enquisas de satisfacción coa docencia recibida.
		Data prevista de finalización	30/07/2024
		Data inicio	08/01/2024
	Responsables	Usuario responsable da implantación	Responsable de Calidade
Outros responsables da implantación		Coordinador de título	
Finalización	Estado		
	Data estado		
	Comprobación		
	Data comprobación		

5. MODIFICACIÓNS DO PLAN DE ESTUDO

No curso 2022-23 non se levaron a cabo modificacións do Plan de estudos.

MODIFICACIÓNS DO PLAN DE ESTUDO	
Modificacións	Xustificación da modificación